

SECRETARÍA

XERENCIA MUNICIPAL DE
URBANISMO

CONCELLO
DE VIGO



RESOLUCIÓN CORRECCION DE ERROS NA COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR. EXPEDIENTE 656/406.

En data 08.11.2022 esta Vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo ditou Resolución relativa ao listado definitivo de aspirantes admitidos e excluídos no concurso libre para estabilización de emprego temporal e ingreso en unha praza de Enxeñeiro Industrial, pertencente á escala de Administración Especial, subescala Técnica, clase Superior, grupo A, subgrupo A1, da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo incursa nos supostos das Disposicións adicionais Sexta e Oitava da Lei 20/2021, de 28 de decembro, na que se dispuxo no seu apartado QUINTO a integración do Tribunal cualificador segundo a seguinte composición:

“(..)Presidente

D^a. Beatriz Rodríguez Yáñez, Técnica de Administración Xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo. Suplente. D^a Lorena López Rodríguez, Técnica de Administración Xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo.

Vogais

D. José María Domínguez Blanco, Técnico de Administración Xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo; D^a. Julia Chamosa Martín, Arquitecta da Xerencia Municipal de Urbanismo; D. Gilberto Moldes Román, Enxeñeiro do Concello de Vigo. Suplentes. D^a. María Blanco Rodríguez, Técnica de Administración Xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo; D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso, Arquitecto da Xerencia Municipal de Urbanismo; D. Álvaro Crespo Casal, Enxeñeiro do Concello de Vigo.

Secretario D. José Riesgo Boluda. Secretario da Xerencia Municipal de Urbanismo. Suplente, D^a. Susana Gallardo Fariña. Secretaria de Administración Municipal do Concello de Vigo.

Detectado erro de carácter material na integración do dito Tribunal cualificador, procédese a súa rectificación, de conformidade co disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ao establecer que *“as administracións públicas poderán, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados os erros materiais, de feitos ou aritméticos existentes nos seus actos”*.

RESOLVO

PRIMEIRO.- Efectuar as seguintes correccións de erros no resolvo quinto da Resolución desta Vicepresidenta da XMU de data 08.11.2022,

Onde di:

1(..) D. Gilberto Moldes Román, Enxeñeiro do Concello de Vigo, **debe dicir D^a María Jesús Carballo Núñez, Arquitecta da Xerencia Municipal de Urbanismo.**

e (2) onde di D. Álvaro Crespo Casal, Enxeñeiro do Concello de Vigo, **debe dicir, D^a María Luisa Sobrino del Río, xefa da Área Técnica da Xerencia Municipal de Urbanismo.**



SECRETARÍA

XERENCIA MUNICIPAL DE
URBANISMO

CONCELLO
DE VIGO



SEGUNDO.- Ratificar as restantes disposicións contidas na Resolución desta Vicepresidenta de data 08.11.2022.

TERCEIRO.- Publicar a presente Resolución no Taboleiro Electrónico da Sede electrónica do Concello de Vigo.

Así o ordena e dispón a Concelleira delegada da área de Urbanismo, no exercicio das súas atribucións delegadas, en Vigo, na data da sinatura electrónica, do que eu, Secretario da XMU dou fe.

